

II. AUTORIDADES E PERSOAL

a) CESAMENTOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Orde do 11 de outubro de 2007 pola que se dispón o cesamento de vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Marín e ría de Pontevedra.

O artigo 40 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, dispón que a separación dos vogais dos consellos de administración das autoridades portuarias dos portos de interese xeral será acordada polo órgano competente da comunidade autónoma por proposta das organizacións, organismos e entidades que aqueles representen.

Polo exposto, e vista a proposta do Concello de Marín, e en exercicio da facultade que me foi atribuída polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 10 de xaneiro de 2002,

DISPOÑO:

O cesamento de Francisco Antonio Santiago Fernández como vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Marín e ría de Pontevedra, en representación do Concello de Marín, agradecéndolle os servizos prestados.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2007.

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Orde do 11 de outubro de 2007 pola que se dispón o nomeamento de vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Marín e ría de Pontevedra.

O artigo 40 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, dispón que a designación dos vogais dos consellos de administración das autoridades portuarias dos portos de interese xeral será acordada polo órgano competente da comunidade autónoma por proposta das administracións públicas, entidades e organismos ás que aqueles representen.

Polo exposto, e vista a proposta do Concello de Marín, e en exercicio da facultade que me foi atribuída

polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 10 de xaneiro de 2002,

DISPOÑO:

O nomeamento de Manuel Ruibal Pardavila como vogal do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Marín e ría de Pontevedra, en representación do Concello de Marín.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2007.

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución conxunta do 1 de outubro de 2007, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se resolven os premios a proxectos de innovación en normalización lingüística para centros de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para desenvolver no curso 2007-2008 convocados pola Resolución do 28 de maio de 2007.

A Resolución do 28 de maio de 2007 (DOG do 5 de xuño) establece as bases e convoca dez premios a proxectos de innovación en normalización lingüística para centros de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para desenvolver no curso académico 2007-2008 co fin de fomentar algún dos seguintes aspectos: o galego oral, coa creación de novos ámbitos de uso que favorezan a utilización da lingua galega dentro e fóra das aulas; o achegamento á lingua e ao coñecemento da realidade sociocultural galega por parte da poboación inmigrante; a colaboración coas entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas, así como coas empresas locais, para favorecer o emprego da lingua galega e mellorar a súa valoración social; a relación da lingua galega coas tecnoloxías da información e da comunicación.

Unha vez rematado o procedemento establecido na convocatoria, cómpre facer pública a relación de centros premiados para desenvolver o seu proxecto de innovación en normalización lingüística durante o curso 2007-2008, de acordo cos artigos 7º e 8º da devandita resolución.

En consecuencia, por proposta da Comisión de Selección, a Dirección Xeral de Ordenación e Innova-

ción Educativa e a Secretaría Xeral de Política Lingüística

RESOLVEN:

Primeiro.-Conceder os premios convocados pola Resolución do 28 de maio de 2007 aos proxectos de innovación en normalización lingüística que se indican a continuación:

Código do centro	Nome do centro	Concello	Provincia
15026546	EOI de Ferrol	Ferrol	A Coruña
15027848	CRA Nosa Señora do Faro	Ponteceso	A Coruña
15026807	IES Félix Muriel	Rianxo	A Coruña
27013934	IES Perdouro	Burela	Lugo
27010945	IES Porta da Auga	Ribadeo	Lugo
32001725	IES Lauro Olmo	O Barco de Valdeorras	Ourense
36007199	CEIP Isidora Riestra	Poio	Pontevedra
36006730	IES Frei Martín Sarmiento	Pontevedra	Pontevedra
36019268	IES Gonzalo Torrente Ballester	Pontevedra	Pontevedra
36019566	IES Chapela	Redondela	Pontevedra

Segundo.-Indicar que, atendendo aos destinatarios da convocatoria, os recursos contra esta resolución están afectados polo disposto nos artigos 20 e 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2007.

Mª José Pérez Mariño
Directora xeral de Ordenación
e Innovación Educativa

Mª Sol López Martínez
Secretaria xeral de Política
Lingüística

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Orde do 3 de outubro de 2007 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Santiago de Compostela (A Coruña).

I. Antecedentes.

I.1. O vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Santiago de Compostela foi aprobado definitivamente o 26-4-1990. O 20-7-1994 aprobouse unha modificación do PXOU, para a adaptación das súas determinacións ás normas provinciais aprobadas no ano 1991.

I.2. Con data do 25-4-2005 emitíuse informe previo á aprobación inicial, de acordo co previsto no artigo 85.1º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de orde-

nación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

I.3. O Concello de Santiago de Compostela aprobou inicialmente o plan o día 26-5-2005, e o someteu a información pública mediante anuncios nos xornais *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego* (en ambos os dous, o día 20-6-2005) así como no *Diario Oficial de Galicia* nº 117, do 20 de xuño. Simultaneamente déuselle audiencia aos concellos de Trazo, O Pino, Oroso, Ames, Val do Dubra, Vedra, Teo e Boqueixón. Así mesmo, solicitáronse informes da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, da Consellería de Cultura e Deportes, da Deputación Provincial da Coruña, de Augas de Galicia e da Confederación Hidrográfica do Norte, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e ao Ministerio de Fomento -en relación ás súas competencias en materia de estradas, ferroviarias e de aviación civil-, ao Ministerio de Defensa e á Subdelegación do Goberno na Coruña, área de Industria e Enerxía.

I.4. En cumprimento da lexislación sectorial vixente emitíronse os seguintes informes:

a) En materia de estradas, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Dirección Xeral de Obras Públicas), informe do 31-7-2006.

A Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, tras un primeiro informe desfavorable do 25-8-2005, emite informe favorable do 20-7-2006 excepto os novos enlaces previstos coas autoestradas AP-9 e AP-53, os que informa desfavorablemente.

b) En materia de patrimonio cultural, tras a emisión de informes desfavorables do 25-8-2005 e do 27-7-2006 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite informe favorable o 14-2-2007, establecendo unha serie de condicións.

c) En materia aeroportuaria, tras un primeiro informe emitido pola entidade pública Aeroportos Españóis e Navegación Aérea (AENA) o 20-7-2005, do que posteriormente deu traslado a Secretaría Xeral do Ministerio de Fomento o 26-9-2005 de carácter desfavorable, a Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento emite informe o 11-7-2006 establecéndose nel unha serie de observacións e correccións que condiciona o seu carácter favorable a súa cumprimentación previa á aprobación definitiva.

d) Informe de 15-7-2005, do organismo autónomo Augas de Galicia.

e) Informe do 30-3-2006, da área de industria e enerxía da Subdelegación do Goberno da Coruña.

f) Informe do 24-11-2006, da Subdirección Xeral de Infraestruturas e Normativa Técnica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, en materia de comunicacións electrónicas.

Así mesmo, consta no expediente certificación da secretaria municipal da non recepción dos informes solicitados, dentro do prazo legal, correspondentes á